

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL PONTEVEDRA

#### Persoal, oposicións

*LISTA PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS, E COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS PARA CUBRIR VARIAS PRAZAS VACANTES, INCLUÍDAS NA OEP 2010 E OEP 2015*

#### **RESOLUCIÓN DO CONCELLEIRO DE GOBERNO RESPONSABLE DA ÁREA DE RÉXIME INTERIOR PERSOAL E PATRIMONIO POLA QUE SE APROBAA RELACIÓN PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS E A COMPOSICIÓN DOS TRIBUNAIS DOS PROCESOS SELECTIVOS CONVOCADOS PARA CUBRIR VARIAS PRAZAS VACANTES DO CONCELLO DE PONTEVEDRA INCLUÍDAS NA OEP DO ANO 2010 E ANO 2015**

Publicadas no BOP núm.144, do venres 29 de xullo de 2016, as bases xerais e específicas que regulan a convocatoria de procesos selectivos para cubrir prazas vacantes no Concello de Pontevedra incluídas na OEP 2010 e OEP 2015, realizados os trámites pertinentes para a formación dos Tribunais cualificadores e finalizado o período establecido para a presentación de instancias (do 20/08/2016 ao 08/09/2016, ambos inclusive), esta Concellería de Goberno, de conformidade coas bases aprobadas e en exercicio das súas atribucións delegadas,

#### *RESOLVE*

#### **Primeiro.- LISTA PROVISIONAL DE ASPIRANTES ADMITIDOS E EXCLUÍDOS**

Aprobar as listas provisionais de aspirantes admitidos e excluídos ás probas de selección convocadas para a cobertura de varias prazas vacantes do Concello de Pontevedra incluídas na OEP do ano 2010 e do ano OEP 2015, segundo se relacionan a continuación.

#### **PRAZA: MESTRE ELECTRICISTA**

#### **PROMOCIÓN INTERNA (1 PRAZA)**

- ASPIRANTES ADMITIDOS  
Ningún
- ASPIRANTES EXCLUÍDOS  
Ningún



**PRAZA: MESTRE DE OBRAS**

## PROMOCIÓN INTERNA (1 PRAZA)

- ASPIRANTES ADMITIDOS  
1.- PEON JUSTO, JUAN CARLOS
- ASPIRANTES EXCLUÍDOS  
Ningún

**PRAZA: OFICIAL ELECTRICISTA**

## PROMOCIÓN INTERNA (1 PRAZA)

- ASPIRANTES ADMITIDOS  
1 PEREIRA FERRER, ERNESTO  
2 SOUTO ACUÑA, JUAN JOSÉ
- ASPIRANTES EXCLUÍDOS  
1 LAMAS CASTRO, MANUEL ÁNGEL (1)

**PRAZA: OFICIAL ALBANEL**

## PROMOCIÓN INTERNA (2 PRAZA)

- ASPIRANTES ADMITIDOS  
1 CARBALLO BARREIRO, MANUEL  
2 LOSADA GÓMEZ, ALBERTO  
3 MARTÍNEZ BRIZ, PILAR
- ASPIRANTES EXCLUÍDOS  
Ningún

**PRAZA: OFICIAL DE OBRAS**

## PROMOCIÓN INTERNA (1 PRAZA)

- ASPIRANTES ADMITIDOS  
1 CARBALLO BARREIRO, MANUEL  
2 LOSADA GÓMEZ, ALBERTO  
3 MARTÍNEZ BRIZ, PILAR
- ASPIRANTES EXCLUÍDOS  
Ningún



**PRAZA: OFICIAL CARPINTEIRO**

## PROMOCIÓN INTERNA (1 PRAZA)

- ASPIRANTES ADMITIDOS  
1.- FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, JESÚS
- ASPIRANTES EXCLUÍDOS  
Ningún

**PRAZA: SEPULTUREIRO**

## PROMOCIÓN INTERNA (1 PRAZA)

- ASPIRANTES ADMITIDOS  
1 RIVEIRO LEIRO, JUAN MANUEL  
2 SILVA RODRÍGUEZ, JESÚS MANUEL
- ASPIRANTES EXCLUÍDOS  
Ningún

**Segundo.- MOTIVOS DE EXCLUSIÓN E RÉXIME DE SUBSANACIÓN**

Os números cardinais sinalados xunto aos aspirantes excluídos, relacionados para cada proceso selectivo no punto anterior, identifícanse cos seguintes motivos de exclusión:

(1) Por non reunir o requisito recollido no apartado b) da base específica terceira reguladora do correspondente proceso selectivo.

De conformidade co previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, os aspirantes excluídos ou aqueles que puideran resultar omitidos, por non figurar na relación provisional de admitidos ou de excluídos, disporán dun prazo de dez días hábiles, a partir do día seguinte ao da publicación da presente resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poder emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión.

Para ditos efectos deberá presentarse a documentación correspondente no Rexistro Xeral deste Concello ou nas demais formas que determina o artigo 38 da Lei 30/1992, no prazo sinalado.

Advírtese aos interesados que, de non procederse á subsanación, en cada caso de que corresponda, serán declarados definitivamente excluídos.



Concluído o prazo de 10 días para presentación de subsanacións ou reclamacións contra a presente resolución, de non presentarse reclamación algunha, a lista provisional de admitidos elevarase a definitiva. No suposto de que se produzan reclamacións deberá ditarse nova resolución, estimándoas ou desestimándoas.

A resolución pola que se resolvan as reclamacións, aprobará a lista definitiva de admitidos e excluídos e publicarase no BOP e no Taboleiro de editos do Concello.

Terceiro.- TRIBUNAL CUALIFICADOR.-

O tribunal cualificador do proceso selectivo convocado quedará integrado da seguinte forma:

**UNHA PRAZA DE OFICIAL ELECTRICISTA, DÚAS DE OFICIAL ALBANEL, UNHA DE OFICIAL DE OBRAS, UNHA DE OFICIAL CARPINTEIRO e UNHA DE SEPULTUREIRO (PROMOCIÓN INTERNA)**

- Presidenta:

Dona Rosa Magdalena Fernández, arquitecta da Oficina Técnica de Arquitectura e Planeamento, sendo a súa suplente dona María Isabel Couselo Torres, técnica media de Medio Ambiente e Servizo de Limpeza da OTMAIES.

- Secretaria:

Dona Marta de las Heras Rodríguez, xefa do Servizo de Contratación , sendo a súa suplente dona Patricia Rivadulla Rodal, xefa do Servizo de Taxas e Outros Ingresos de Dereito Público do Concello de Pontevedra.

- Vogais:

- Don Manuel Cancela Outeda, mestre xardiñeiro da Brigada de Xardíns sendo a súa suplente dona María del Carmen Formoso Beloso, técnica media en medio ambiente natural.

- Don Sergio Beloso Chaves, sepultureiro do Cemiterio Municipal sendo o seu suplente don Manuel Pérez Pérez, oficial electricista da Brigada de Electricidade.

- Don Juan Carlos Peón Justo, oficial albanel de Obras e Mantemento, sendo o seu suplente don Celestino Villanueva Amorín, oficial canteiro de Obras e Mantemento.

**UNHA PRAZA MESTRE DE OBRAS (PROMOCIÓN INTERNA)**

- Presidente:

Don Jesús Gómez Viñas, xefe da OTMAIES, sendo o seu suplente don Miguel Aparicio Maceiras, enxeñeiro de camiños, canles e portos da OTMAIES.



- Secretaria:

Dona Yolanda González Cons, xefa de negociado de rexistro do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais , sendo a súa suplente dona Beatriz Claro Samaniego, administrativa xefa de negociado do Servizo de Secretaría e Asuntos Xerais.

- Vogais:

Don Luís Manuel Costa Ferrer, arquitecto técnico adxunto da OTAP sendo o seu suplente don Ángel Velando Rodríguez, xefe da OTAP.

Dona María Isabel Couselo Torres, técnica media de Medio Ambiente e Servizo de Limpeza da OTMAIES sendo a súa suplente María del Carmen Formoso Beloso, técnica media en medio ambiente natural.

Dona Montserrat González Pérez, técnica media de xestión do Servizo de Xestión Tributaria e Outros Ingresos de Dereito Público , sendo o seu suplente don José Francisco González Neira, xefe de sección do Servizo de Intervención.

Os membros do Tribunal cualificador poderán ser recusados, cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención, de conformidade co establecido nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarto.- A presente resolución publicarase no BOP e no Taboleiro de editos do Concello, situado no baixo do edificio Michelena 30, para xeral coñecemento aos efectos previstos nas bases da convocatoria e , de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra cuxa dirección é <http://sede.pontevedra.gal> (antigamente Páxina Web do Concello de Pontevedra [www.pontevedra.eu](http://www.pontevedra.eu)).

Así o ordena e dispón o concelleiro de goberno responsable da Área de Réxime Interior, Persoal e Patrimonio no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra a doce de setembro de dous mil dezaseis ante o secretario da administración municipal, que DA FE da precedente resolución.”

Pontevedra, a 13 de setembro de 2016.—O Concelleiro de Goberno, Vicente García Legísima.

